

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027861	IES Pedra da Aguia	Camariñas	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Pedra da Aguia de A Ponte do Porto.

O grupo seleccionado de 2º ESO, está composto por 2 subgrupos de un total de 20 alumnos e alumnas. (2º ESO A con 10 alumnos/as e 2º ESO B con 10 alumnos/as).

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución ao mindfulness ou atención plena. Diario de	Neste trimestre aprenderán conceptos básicos do mindfulness a través da	34	14	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	reflexión	indagación e reflexión nun diario e da propia experiencia da práctica formal. Irase aumentando progresivamente o tempo de meditación a medida que o grupo estea preparado.	34	14	X	X	X
2	Atención plena no ioga.	Aprenderán nocións básicas de anatomía corporal, de âsanas e dinâmicas sinxelas de ioga e como executalas correctamente para evitar lesións e favorecer a exploración corporal.	33	10	X	X	X
3	Atención plena na natureza.	Aplicarase a atención plena ao estar en contacto coa natureza, a través do mantemento do invernadoiro, do coidado das árbores do instituto (protexelas e marcalas). Tamén realizarase a meditación camiñando no patio.	33	11		X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución ao mindfulness ou atención plena. Diario de reflexión	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da atención plena ao momento presente a través do mindfulness e o ioga.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a práctica.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Atención plena no ioga.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Atención plena na natureza.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do diario de reflexión do proceso d desenvolvemento persoal na atención plena.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe correcta		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Descubriendo un universo paralelo: a atención plena". As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado individualmente xa que se entende que a experimentación e o autodescubrimento son un dos obxectivos da atención plena.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: que é o mindfulness? Cales son os seus obxectivos? Como se practica? Cales son os tipos de prácticas formais e non formais que existen? E comezaremos a poñelas en práctica. Tamén introducirase o que é o ioga, anatomía básica e tipos de movementos que pode realizar o corpo. Nesta avaliación, empezarán a empregar o diario de reflexión onde anotarán individualmente aquelas sensacións que lle chamen a atención ou que emocións experimentan no día a día. Empregarase o caderno tanto na aula como na casa.

Farase un plan de traballo, planificando tempos, espazos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, profundizarase nas âsanas de ioga. A partir dos coñecementos de anatomía básica serán capaces de realizar as posturas con máxima protección sen forzar o corpo. Ademasi, valorarase a posibilidade de que eles poidan deseñar algunhas dinámicas sinxelas.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado aplicará a atención plena ao contacto coa natureza. En actividades como a horta escolar, o coidado e protección das árbores autóctonas que foron plantadas o pasado curso.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Observación da práctica diaria na aula (caderno do profesor)
Caderno de reflexión

Os espazos empregados serán a aula, nunha zona especialmente habilitada para a práctica de ioga e mindfulness. O patio, sobre todo no 3º trimestre.

Como material empregaranse esterillas, e nalgúns casos coxíns. Para explicar a anatomía un modelo de esqueleto do laboratorio de bioloxía.

Un diario persoal de reflexión que será entregado pola profesora.

Tamén se facilitará todo tipo de material funxible que necesite o alumnado.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase un cuestionario inicial sobre doenzas que poidan padecer, lesións anteriores, e sobre formas inconscientes ou automáticas de actuar. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades á hora de concentrarse na meditación, dificultades á hora de realizar as posturas de ioga, co fin de protexer ao alumnado de posibles lesións ou malestar. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades que complementa a práctica na aula. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>34</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

#### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- Observación directa na aula sobre as sesións de meditación e as posturas de ioga. Terase en conta a avaliación continua do progreso do/a alumno/a.
- Observación do diario de reflexión

Como instrumentos de avaliación, empregaranse:

- Rúbrica sobre a práctica de mindfulness
- Rúbrica sobre a práctica de ioga
- Rúbrica sobre o diario de reflexión

A nota da avaliación ben dada polos seguintes criterios de cualificación:

- 20% práctica de mindfulness
- 40% práctica de ioga
- 20% diario de reflexión
- 20% fichas elaboradas na aula

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola progresión do alumnado ao longo do curso. Terase en conta a evolución do/a alumno/a polo que a 1ª avaliación suporá un 25% da nota final de xuño; a 2ª avaliación un 35% e a 3ª avaliación un 40%.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un/a alumna/o non realice as prácticas diarias na aula e non presente o diario de reflexión para a súa valoración, terá que realizar unha proba escrita. Esta constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que un/ha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai alumnado con materias pendentes.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por exemplo, na aula hai un alumno de incorporación tardía que chegou o curso pasado de Senegal e non domina o idioma. Realizaráselle reforzo educativo en relación a contidos básicos do idioma coma as partes do corpo ou da columna vertebral para que poida entender as instrucións básicas das posturas de ioga.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, como pode ser un maior nivel de dificultade nas posturas de ioga propostas ou alternativas algo máis esixentes.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		
ET.4 - Competencia Dixital			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Clase de yoga externa	Realización dunha clase de yoga por parte dunha asociación ou a través do Concello, en colaboración co Departamento de Educación Física			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

## 9. Outros apartados

